



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

## ANEXO I

# **BASES PARA A CONFECCIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/HA TRABALLADOR/A SOCIAL PARA O CONCELLO DE BUEU**

### **1ª Obxecto.**

Esta convocatoria ten por obxecto dispor dun sistema rápido, áxil e que cumpra cos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade co fin de utilizarlo para cobertura de baixas e substucións temporais para casos excepcionais e de carácter urxente e inaplazable dun/ha traballador/a social no Centro Municipal de Benestar Social no Concello de Bueu.

De acodo co disposto no artigo 9 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia e 2 do Decreto 99/2012 de 16 de Marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, estes servizos teñen un carácter predominantemente local, están referenciados a un territorio e a unha poboación determinada e constitúen o punto de acceso normalizado e o primeiro nivel de intervención do sistema galego de servizos sociais. Estimando que se trata de exercer unha competencia que cubre necesidades urxentes e inaprazables, e nun eido esecial, especialmente nestes últimos anos nas que o risco de exclusión se viu esencialmente agravado pola crise económica, cumprindo ademáis como mínimo de postos esixidos pola normativa en vigor.

O sistema de selección e segundo os principios de mérito e capacidade, será o de oposición libre, de conformidade co disposto no RD lexislativo 5/2015, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 2/2015, de 29 de abril, del empleo público de Galicia e o RD lexislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

O período de contratación do persoal seleccionado terá unha duración igual ó tempo que dure a circunstancia que orixine a contratación.

- ✓ Nos casos de contratacións temporais por acumulación de tarefas, a duración do contrato determinarase en función das necesidades do Concello, pero non podendo ser nunca superior a seis meses
- ✓ No caso de celebrarse contrato por obra ou servizo determinado, a duración do contrato será o que se derive da normal execución da tarefa encomendada, e non se verá afectada polo límite fixado. Cando sea sexa previsible unha duración notoriamente superior ós





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

seis meses, procederáse á convocatoria de procesos específicos de selección.

Cando se den as seguintes circunstancias:

- Necesidade do servizo
- Incapacidade temporal
- Permiso por paternidade/maternidade

## **2ª Ámbito temporal da bolsa.**

A bolsa de emprego terá unha vixencia de 4 anos e perderá a súa vixencia cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- Finalización do prazo de duración.
- Creación dunha nova bolsa coas persoas aspirantes que deriven dun novo proceso selectivo convocado para cubrir prazas de igual categoría e grupo de clasificación con persoal laboral fixo ou funcionario de carreira.
- Desaparezan as circunstancias que motivaron a cobertura da praza.

Na selección do persoal integrante das diferentes listas da bolsa de emprego respectaranse os seguintes principios:

- Publicidade das convocatorias e dos requisitos para integrar as listas da bolsa.
- Igualdade, de acordo cós requisitos xerais de acceso ao emprego público e os requisitos do posto.
- Mérito e capacidade.
- Transparencia na xestión do proceso.

## **3ª Modalidade de contratación e duración do contrato.**

A contratación que derive do procedemento selectivo será en réxime laboral temporal, de duración determinada, baixo a modalidade de contrato eventual por circunstancias da produción previsto no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

A Lei 35/2010 de 17 de Setembro de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo e Lei 3/2012 de 6 de Xullo de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral

## **4ª Retribucións e funcionamento**





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

O salario bruto mensual será de 2120,50€ (Prorrateo pagas extras incluídas), e aboaranse con cargo á aplicación orzamentaria 231.13100 do orzamento municipal de 2020 (Prorrogado para o exercizo 2021)

### **5ª Requisitos dos aspirantes.**

Para seren admitidos /as os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou alguna outra, que consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia, permita o acceso ó emprego público.

b) Ter cumpridos dazaséis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa

c) Posuir as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas

d) Estar en posesión do título de Diplomatura Universitaria en Traballo Social, Grao en Traballo Social ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no extranxeiro, se deberá estar en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que o acredite, no seu caso, a homologación.

e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios da comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ó corpo ou escala de persoal funcionario do cal a persoal foi separada ou inhabilitada.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado, ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ó Emprego Público nos termos anteriores.

f) En cumprimento do disposto no artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996 de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015 de voluntariado, non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos

g) Posuir o carné de conducir clase “B”

Estes requisitos deberán ser cumpridos no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes e durante o proceso selectivo ata o momento de formalizar a contratación.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

## 6ª Solicitudes de admisión e prazo de presentación.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo deberán facerse mediante instancia dirixida ao Alcalde, en modelo que se facilitará no rexistro do Concello e no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) ó que se accede a través da páxina web do Concello [www.concellodebueu.gal](http://www.concellodebueu.gal) e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Bueu, en horario de 8.30 A 13.30 horas, de luns a venres. As instancias tamén poderán ser presentadas nas formas previstas no artigo 16 da Ley 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas que non presenten directamente a documentación no Rexistro municipal deberán comunicalo por fax o mesmo día da presentación ao número de Fax 986322099 coa copia da solicitude presentada no organismo correspondente.

O prazo de presentación de solicitudes é de **05 días hábiles**, que se iniciará o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Nas respectivas instancias, os aspirantes farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base 4ª destas bases, e irán acompañadas inescusablemente dos seguintes documentos:

\*Fotocopia do DNI ou documento identificativo da personalidade

\*Fotocopia da titulación mínima esixida.

\*Acreditación documental de posuír o título do CELGA 4 ou equivalente, homologado de acordo co grupo de titulación dos postos, segundo o disposto na Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, para os efectos da exención da proba de coñecemento da lingua galega.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, todos os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán).

No caso de tratarse de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar debidamente traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente. Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados aceptan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

### 7ª Admisión de aspirantes.

1. Rematado o prazo de presentación de documentación o alcalde ditará resolución declarando aprobado o listado provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello ( <https://bueu.sedelectronica.gal>) ó que se accede a través da páxina web municipal do Concello de Bueu [www.concellodebueu.gal](http://www.concellodebueu.gal)
2. Os/as aspirantes excluídos/as con carácter provisional , dispoñen dun prazo de **cinco (5) días hábiles**, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 71 da Lei 39/2015.
3. No suposto de producirse reclamación ditarase nova Resolución estimándoas ou desestimándoas, e declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello ( <https://bueu.sedelectronica.gal>), ó que se accede a través da páxina web municipal [www.concellodebueu.gal](http://www.concellodebueu.gal), e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lle recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no proceso selectivo convocado, os cales deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen a proba selectiva. Igualmente se en calquera momento da tramitación do proceso de selección se comproba que o /a aspirante carece deses requisitos maila figurar incluído na lista de admitidos será excluído inmediatamente.

### 8ª Tribunal cualificador.

A composición do Tribunal axustarase ao previsto no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público non podendo ser parte do mesmo o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos nin o persoal eventual.

O Tribunal estará integrado por:





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- Presidente/a: un/ha funcionario/a da Corporación Municipal, con titulación igual ou superior a esixida para os postos convocados.
- Secretario/a: Un funcionario/a de carreira do Concello de Bueu con titulación igual ou superior a esixida para os postos convocados
- Vogais:Tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo do Concello de Bueu ou de calquera outra Administración Pública, con titulación igual ou superior a esixida para os postos convocados.

Así mesmo nomearanse un número igual de suplentes para cubrir as posibles ausencias ou vacantes dos membros titulares.

Todos os membros do tribunal actuarán con voz e voto. O tribunal cualificador non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do /a presidente/a e do/a secretario/a.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos conorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

O Tribunal quedará facultado para resolver todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas bases e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases. A actuación do tribunal rexerese polo disposto nas presentes bases e na Lei 39/2015.

A composición efectiva do tribunal farase pública integrando a Resolución pola que se publique a lista provisional de admitidos e excluídos ó proceso selectivo, co fin de posibilitar a formulación de recusación contra os membros da comisión de selección.

O Tribunal poderá contar coa colaboración dos asesores externos que considere oportunos, que actuarán con voz e sen voto, limitándose a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

## **9ª Forma de desenvolvemento do proceso selectivo, contido e sistema de cualificación**

A oposición consistirá na realización de tres exercizos que a seguir se relacionan e ós que se accederá previo chamamento único para a realización de cada proba.







Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

### PRIMEIRO EXERCIZO. PROBA DE COÑECEMENTOS

Exercicio obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un cuestionario de 30 preguntas tipo test, con catro respostas alternativas por pregunta, das que unha delas é a correcta, nun tempo de sesenta minutos, en relación co temario xeral e específico reproducido a continuación.

As preguntas non contestadas non se puntuarán

*A puntuación máxima deste exercizo será de 40 puntos, sendo preciso obter un mínimo de 20 puntos para superalos e pasar á seguinte fase.*

### SEGUNDO EXERCIZO. PROBA SUPOSTO PRÁCTICO

Exercicio de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na Resolución dun suposto práctico relacionado co contido do programa no tempo que determine o Tribunal. Neste exercizo valorarase a capacidade de análise e a aplicación razonada dos coñecementos teóricos e a Resolución de problemas prácticos presentados.

*A puntuación máxima deste exercizo será de 60 puntos, sendo preciso obter un mínimo de 30 puntos para superalos e pasar á seguinte fase.*

### TERCEIRO EXERCIZO. PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Consistirá na tradución dun texto relacionado polo Tribunal, de Castelán a Galego, a realizar nun tempo máximo de media hora. A valoración deste exercizo será de **Apto ou non apto**. Terá carácter eliminatorio e será **obrigatoria** a súa realización para aquelas persoas aspirantes que non acreditan no prazo de presentación de instancias o título acreditativo de estar en posesión do Certificado de Lingua Galega -Nivel 4 (CELGA 4) ou superior, ou a súa validación, ou a certificación do curso de Lingua Galega de Perfeccionamento (Achegarase copia compulsada)

#### **10ª Cualificación final e relación de aprobados.**

A cualificación final obtida polos aspirantes será a resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios. Serán seleccionados aqueles que obteñan maior puntuación global.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo , o Tribunal publicará a relación de aspirantes aprobados por orde da puntuación total final e elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, a lista de persoas que





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

formarán parte da bolsa para a súa posterior contratación, con aqueles aspirantes que superaron o proceso selectivo.

De se producir empate na puntuación final, éste dirimirase por sorteo , do que se levantará a correspondente acta.

As listaxes provisionais serán publicadas no taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica do Concello de Bueu <https://bueu.sedelectronica.gal> ó que se accede a través da páxina web municipal [www.concellodebueu.gal](http://www.concellodebueu.gal), e no taboleiro de anuncios do Concello. Contra estas listaxes, as persoas interesadas poderán formular alegacións ante o tribunal cualificador no prazo de **2 días hábiles**, contados a partir da súa publicación.

Transcorrido o prazo de alegacións, o Tribunal elaborará as listaxes definitivas, que serán aprobadas por Resolución de Alcaldía, e publicadas no Taboleiro de anuncios electrónico da sede electrónica do Concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>) ó que se accede a través da páxina web municipal [www.concellodebueu.gal](http://www.concellodebueu.gal), e no Taboleiro de anuncios do Concello de Bueu.

### **11ª Elaboración e funcionamento das listaxes**

A proposta do tribunal cualificador, a Alcaldía ditará resolución aprobando a creación da bolsa de emprego coa relación de persoas que superaron o proceso selectivo por orde de maior a menor puntuación. Esta resolución publicarase no taboleiro electrónico de anuncios e na páxina web do Concello para o coñecemento das persoas interesadas e demais efectos legais.

A contratación de persoal segundo proceda para o posto de traballo ofertado efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de emprego.

O funcionamento da bolsa de emprego respectará os principios igualdade de oportunidades e non discriminación.

1. Cando se deba proceder a unha contratación temporal ou nomeamento ofertaráselle o posto de traballo á primeira persoa aspirante da lista, a través de chamamento telefónico ao número de teléfono facilitado polos integrantes da bolsa de emprego no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación.

Así, co obxectivo de garantir unha adecuada eficacia deste procedemento, os/as interesados/as deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destes datos de contacto para os efectos do chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres avisos, durante ese día e o seguinte, a distintas horas.

2.- Daráselle un prazo de 24 horas desde o chamamento para que acepte ou renuncie o posto ofertado. En caso de que non exista resposta ao chamamento , enténdese que renuncia ao posto e poderá chamarse á seguinte persoa candidata da lista.

3.- De terse respondido ao chamamento no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito :







Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

### 3.1.- Suspensión.

No suposto de rexeitamento da oferta, a interesada deberá alegar algunha das causas/situacións xustificadas que a continuación se relacionan, dando lugar a conservar a súa posición ordinal dentro da bolsa de traballo (suspensión).

De non ser así, sen ter alegado algunha destas causas (ou téndose alegado, sen acompañarse da posterior xustificación documental no prazo indicado), será eliminado da bolsa.

As causas/situacións de suspensión serán as seguintes:

- a) Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables, que deberá acreditarse mediante un xustificante do sistema público de saúde ou certificado médico oficial no caso de mutualistas.
- b) Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.
- c) Estar en situación de servizo activo noutra Administración pública, acreditado mediante a oportuna certificación de servizos, que inclúa a data de comezo destes.
- d) Estar en algunha das situacións de servizos especiais incluídas no ámbito de aplicación da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- e) Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.

A documentación xustificativa da existencia de causas/situacións de suspensión deberá presentarse no prazo de 3 días hábiles contados a partir do día seguinte ao do chamamento polo Concello.

A acreditación documental da finalización da causa que xerou a suspensión farase nun prazo non superior aos 15 días hábiles desde o cesamento ou terminación desta e producirá efecto o primeiro día hábil do mes seguinte. No caso de superar este prazo a persoa candidata pasará ao final da bolsa de emprego.

### 3.2.- Aceptación

No suposto de aceptación da oferta, o/a interesado/a deberá tomar posesión, e iniciar a relación de servizo, no prazo fixado ao efecto, previo resolución de nomeamento por parte da Alcaldía; debendo achegar, antes de dito nomeamento, a seguinte documentación:

- Certificado ou informe médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que o/a inhabilite para o desenvolvemento das funcións propias da praza
- Declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, e non atoparse en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Número de afiliación á Seguridade Social /copia tarxeta sanitaria.
- Número de conta para o ingreso da nómina.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

### 3.3 Baixa definitiva

Serán causas de baixa definitiva na bolsa de traballo as seguintes:

- O rexeitamento da oferta sen causa xustificada segundo o establecido nestas bases.
- Renuncia voluntaria á permanencia na bolsa de traballo.
- Non reunir os requisitos esixidos para o nomeamento (ou terse producido falsidade dos mesmos).
- Non tomar posesión, nin iniciar a relación de servizo, no prazo e/ou datas establecidos para o efecto; agás causa xustificada e/ou de forza maior alegada (e que deberá ser valorada e, de ser o caso, aceptada por parte do órgano convocante e responsable do nomeamento que, neste caso, será a Alcaldía).
- A existencia de expediente disciplinario que conleve a separación do servizo, ou atoparse en situación de inhabilitación absoluta e/ou definitiva para o desempeño de empregos públicos.
- Falecemento, incapacidade permanentemente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

Cando se deba proceder a unha contratación temporal ou nomeamento ofertaráselle o posto de traballa á primeira persoa aspirante da lista.

Unha vez rematada a relación de servizo, o seguinte chamamento corresponderá á seguinte persoa en virtude da puntuación inicialmente acadada da no proceso selectivo dentro da bolsa de emprego, de tal xeito que cada aspirante pasará ao final da lista unha vez remadada a contratación durante o período de funcionamento da bolsa.

## 12. Protección de datos de carácter persoal.

Mediante a participación no referido proceso, as persoas titulares de datos de carácter persoal consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de espera.

Así mesmo, as participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello e na páxina web aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, a outras administracións públicas así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición e cantos outros dereitos se atopen recollidos no RGPD (UE) 2016/679 e na Lei 3/2018, de 5 de decembro sobre Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, mediante escrito dirixido ao enderezo electrónico [persoal@concellodebueu.gal](mailto:persoal@concellodebueu.gal) ou comunicación dirixida ao Concello de Bueu, referencia protección de datos, rúa Eduardo Vincenti, 8, 36930 Bueu (Pontevedra).





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

### **13ª Período de proba.**

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de quince (15) días, de conformidade co artigo 14 do Estatuto dos Traballadores. O período de proba non se verá interrompido polas situacións de incapacidade laboral, maternidade e adopción ou acollemento, que poida afectar ao traballador/a.

### **14ª Incidencias.**

O Tribunal queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

### **15ª Disposicións derradeiras.**

*Primeira.*—Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei 40/2015 de de réxime xurídico do sector público, na Lei 39/2015 de Procedemento administrativo, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia e demais lexislación vixente que sexa de aplicación e no Estatuto dos Traballadores.

*Segunda.*—As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións do Tribunal Cualificador, poderán ser impugnados polos/as interesados/as no caso e na forma establecidos na Lei 39/2015 de Procedemento administrativo, no Estatuto Básico do Empregado Público,, así como na Lei Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

### **16ª Publicidade do procedemento.**

A publicidade do presente procedemento selectivo realizarase mediante a publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Bueu (<https://bueu.sedelectronica.gal>) ó que se accede a través da páxina web municipal [www.concellodebueu.gal](http://www.concellodebueu.gal) no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

## ANEXO I

### TEMARIO CONVOCATORIA PRAZA DE TRABALLADOR /A SOCIAL LISTAXE DE CONTRATACIÓN

#### PRIMEIRA PARTE (XERAL)

1. A Constitución Española de 1.978, Dereitos e Deberes dos españois.
2. Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia: título I, título II e título III.
3. O Municipio, organización e competencia.
4. Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: Prazos, Fases , revisións, Reclamacións, recursos e responsabilidades das Administracións Públicas
5. A organización municipal. Funcionamento dos órganos colexiados locais. Composición e atribucións.
6. Lei 4/2019, do 17 de xullo, da Administración dixital de Galicia: título preliminar, título I capítulo I.
7. Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.
8. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: título preliminar e título I.
9. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero: título I.
10. Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración.

#### SEGUNDA PARTE (ESPECÍFICA)

1. Políticas actuais do Estado de benestar. Acción Social. Concepto de xustiza social. Construción histórica do traballo social no marco do proceso e desenvolvemento do benestar social en España.
2. Marco legal dos servizos sociais: Constitución española, Estatuto de autonomía, normativa reguladora de réxime local.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

3. Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia. Estructura e contido.
4. Principios básicos do traballo social.
5. O método e a metodoloxía en traballo social. Evolución histórica da metodoloxía en traballo social. Formulacións e revisión dos métodos clásicos. Formulacións actuais: a estrutura básica de procedemento. Fases do proceso metodolóxico.
6. A planificación social no traballo social: plan, programa e proxecto.
7. Técnicas en traballo social: de coñecemento, de diagnóstico, de intervención e de avaliación.
8. Instrumentos específicos en traballo social: ficha social, informe social, escalas de valoración social e proxecto de intervención social.
9. Soportes documentais e informáticos en traballo social.
10. A entrevista en traballo social. Tipoloxías e técnicas aplicables. Transferencia e contra transferencia na relación profesional. A visita domiciliaria en traballo social: encadramento e estrutura.
11. O traballo social individual. Evolución histórica da intervención individual. Natureza, filosofía, valores e principios. Modelos na intervención individual. Diagnóstico. Deseño da intervención. Técnicas fundamentais.
12. O traballo social familiar. A familia concepto e tipos. Os novos tipos de familia. Familia e crise. A familia multiproblema. O enfoque sistémico na intervención con familias: conceptos claves. A estrutura familiar. Os ciclos vitais. Características da entrevista sistémica. O proceso de axuda.
13. O traballo social en rede. Orixe e concepto de rede. Tipoloxía da rede. Características das redes. Funcións da rede social. Obxectivos do traballo en rede. Fases da intervención. O traballo interdisciplinar na intervención social complexa.
14. O traballo social de grupo. Concepto e evolución da intervención grupal en traballo social. Tipos de grupos. Elementos estruturais do grupo. Etapas da vida do grupo. Liderado-comunicación-conflicto e negociación no grupo. As dinámicas de traballo no grupo. Obxectivos e papel da traballadora social dinamizadora do grupo.
15. Traballo social comunitario. Concepto. Modelos de intervención en traballo social comunitario. Fases metodolóxicas: análise da comunidade,





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- diagnóstico participativo, elaboración do proxecto de intervención, negociación e implantación, avaliación continua e final.
- 16.A/o traballador/a social como compoñente dun equipo de traballo interdisciplinar: principios básicos, fundamento e funcións. Conceptos básicos: interprofesionalidade, multidisciplinabilidade, interdisciplinabilidade e transdisciplinabilidade.
  - 17.A investigación social. Técnicas e aplicacións no traballo social. O informe da investigación.
  - 18.O traballo social nos servizos sociais comunitarios básicos. Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.
  - 19.Os servizos sociais especializados. Concepto. Competencias. Organización. Programas. Equipamentos.
  - 20.O Plan concertado de prestacións básicas de servizos sociais. Concepto, programas básicos e compromisos. Administracións implicadas: cooperación e coordinación.
  - 21.Lei 10/2013 de 27 de novembro, de inclusión social de Galicia. Obxecto e estrutura.
  - 22.Decreto 14/2019, do 31 de xaneiro, de desenvolvemento da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no relativo á tramitación da renda de inclusión social de Galicia e das axudas de inclusión social (DOG nº 43 do 1/3/2019) (+info) Modificado polo art. 28 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. (DOG nº 246 do 27/12/2019)
  - 23.Voluntariado e acción social non governamental. Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria.
  - 24.O Servizo de axuda no fogar. Definición. Obxectivos. Persoas usuarias, profesionais que interveñen. Prestacións e tarefas. Organización.
  - 25.Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de dependencia. Fundamentos, recurso, tramitación, avaliación e seguimento.
  - 26.Configuración do sistema para a autonomía persoal e atención á dependencia. Finalidades do sistema. Niveis de protección.







Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

27. Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica.
28. A poboación inmigrante, Lei orgánica 8/2000 de 22 de decembro, da Lei Orgánica 4/2000 de 11 de Xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos extranxeiros en España e a súa integración social: Reagrupamento familiar e arraigo
29. Niveis de atención en familia, menores e adolescentes: indicadores e actuación en situacións de risco e desamparo. Niveis e medidas de intervención e criterios de aplicación de apoio á familia (garda, tutela administrativa e ordinaria). Recursos.
30. Normativa reguladora vixente do sistema de protección á infancia e á adolescencia autonómica: ámbitos de actuación. Concepto e tipoloxías de familia. Principios reitores e competencias. Actuacións e medidas de prevención. Dereitos e deberes do/da menor. O interese superior do/da menor. O principio de mínima intervención.
31. O maltrato á infancia: definición e tipoloxía. Factores de risco. O proceso de intervención ante o maltrato infantil. Prevención. Detección e tratamento social. Protocolo de actuación ante o maltrato infantil.
32. Menores en conflito social. Menores infractores. Regulamento para a execución das medidas xudiciais privativas e non privativas de liberdade. Medidas educativas correctoras. Conciliación ou reparación entre o/a menor e a vítima.
33. A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
34. Diversidade funcional. Tipoloxía. Equipos de valoración: recoñecemento do grao de discapacidade. Accesibilidade: o contorno como medio facilitador do desenvolvemento biopsicosocial. Recursos orientados á prevención e ao tratamento. O papel da/do profesional de traballo social na acción integradora a nivel familiar, laboral, educativa, de ocio e tempo libre.
35. Traballo social e persoas maiores. Aspectos demográficos e sociais do envellecemento na Comunidade Autónoma de Galicia. Recursos e equipamentos: tipoloxía. O traballo social coas persoas maiores na





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

- comunidade e nas institucións: valoración e intervención. Vulnerabilidade e maltrato nas persoas maiores.
36. Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
  37. Normativa autonómica de prevención e tratamento da violencia de xénero. Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Protocolos de actuación. Equipamentos, programas e recursos.
  38. Traballo social e inclusión social: situacións de vulnerabilidade e cronicidade. O traballo social e o senfogarismo. Grupos de poboación máis vulnerables. Características. Recursos, servizos e prestacións.
  39. Ética profesional. Código Deontolóxico. Descrición e ámbito de aplicación. Principios xerais da Profesión. Dereitos e deberes das/dos traballadoras/es sociais. Relación coa persoausaria. Relación con outros/as profesionais. Relación coas institucións.
  40. Código Deontolóxico: A confidencialidade e segredo profesional. As Comisións Deontolóxicas.
  41. Movementos migratorios: a poboación migrante con necesidades de atención social. Migracións e clases sociais. Papel da iniciativa social. O traballo social nesta contorna.





Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

## Anexo II

### SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN EN PROCESO SELECTIVO

Bolsa de emprego Traballador/a Social

D/DNA			
DNI		ENDEREZO	
CP		LOCALIDADE	
TELÉFONO 1		PROVINCIA	
TELÉFONO 2		CORREO ELECTRÓNICO	

EXPOÑO:

Á vista da convocatoria dun proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para a contratación dun/ha **Traballador/a Social** e considerando reunir os requisitos esixidos na base quinta, de conformidade coa documentación que se xunta e co coñecemento e expresa aceptación das bases da convocatoria,

SOLICITO:

Ser admitido/ a no proceso selectivo, de conformidade coas bases da convocatoria.

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA:

- Copia DNI
- Titulación esixida para o posto.
- Celga 4.

MARCAR A OPCIÓN PARA O EXAME:



Galego



Castelán

Bueu, de de 2021.

Asdo:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BUEU.

Rexistro Xeral do Concello

Anexo III



Cod. Validación: 33J0ARPE2CDZMJKAX7HCLLC3 | Corrección: https://bueu.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 20



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)  
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN MOTIVOS DE INCOMPATIBILIDADE

D/a .....

provisto/a de D.N.I. nº....., con enderezo na  
R/.....núm. ....piso.....

C.P..... Localidade,.....Municipio.....

Provincia.....C.P.....Teléfono.....

De conformidade coas Bases de Selección que regulan a bolsa de emprego para a contratación temporal dun/ha **Traballador/a Social**

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Bueu,.....de.....202

Asdo: .....

